

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/8/2019	GOB13I0AA
585Z1W23263X2D3B0LL1	
2 5 8 5 Z 1 W 2 3 2 6 3 X 2 D 3 B 0 L L 1 S »	
2 5 8 5 Z 1 W 2 3 2 6 3 X 2 D 3 B 0 L L 1 S »	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIA O TRINTA DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE

<p>SRES/AS ASISTENTES: <u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/D^a MARIAN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a NATALIA HERMIDA RICO D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO D/D^a M. DEL CARMEN ESPADA CORTIZAS D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO D/D^a LAURA PENA FERNANDEZ D/D^a HIPOLITO FARIÑAS SOBRINO D/D^a PATRICIA ANEIROS FREIRE D/D^a ESTHER CARBALLEIRA REGO D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/D^a JOSE MARÍA GOMEZ FANDIÑO D/D^a TERESA JESUS SABIO RODRIGUEZ D/D^a ANDRE ABELEDO FERNANDEZ D/D^a ALFONSO CASAL PITA</p> <p><u>SR. INTERVENTOR ACCTAL.:</u> D/D^a PABLO FREIJOMIL OJEA</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do trinta de maio de dous mil dezanove, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (01-04-2019; 16-04-2019; 25-04-2019 E 29-04-2019)

Aprobadas por asentemento.

2 º.- DAR CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO QUE SE ESTABLECE NO ART. 16 DA ORDE HAP/2105/2012- SUBMINISTRO INFORMACIÓN 1º TRIMESTRE 2019..

– Dase conta do seguinte informe: **SUBMINISTRO INFORMACIÓN 1º TRIMESTRE 2019**

AO CONCELLO PLENO

A Interventora Xeral da conta ao pleno do concello da información remitida ao “Ministerio de Hacienda” a través da correspondente aplicación de captura habilitada na “Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales”, en cumprimento do que se establece no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao subministro de información do 1º trimestre do exercicio 2019, así como o correspondente informe, efectuada por esta Intervención (artigo 4.1.b) utilizando os medios electrónicos e formularios do sistema habilitado polo “Ministerio de Hacienda” (artigo 5.1).

Asinado dixitalmente por:

A interventora xeral

María del Pilar Canzobre Méndez

06/05/2019

O Concello Pleno, deuse por enterado.

3 .º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE CUMPRIMENTO DO PAGO DE OBRIGAS (MOROSIDADE) E DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 1º TRIMESTRE DE 2019.

– Dase conta dos seguintes informes:

A/ INFORME DE TESOUSERÍA

ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES

PERIODO: PRIMEIRO TRIMESTRE 2019

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de periodo medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu periodo medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas (en adiante PMP).

O periodo medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co periodo legal de pago establecidos nas Leis de Contratos do Sector Público (vixentes para este periodo) a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Trala modificación introducida polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, o artigo 5.2 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo prevé que:

“2.(....)

Se entenderá por número de días de pago, los días naturales transcurridos desde:

a)La fecha de aprobación de las certificaciones de obra hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.

b)La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.

c)La fecha de entrada en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración, en los supuestos en los que o bien no resulte de aplicación un procedimiento de aceptación o comprobación de los bienes o servicios prestados o bien la factura se reciba con posterioridad a la aprobación de la conformidad. (....)”

Asemade, a “Guía para la cumplimentación de la aplicación y el cálculo del periodo de pago de las EELL. Real Decreto 1040/2017, de 22 de diciembre, por el que se modifica el Real Decreto 635/2014, de 25 de



julio” publicada polo Ministerio de Hacienda y Función Pública en febreiro de 2018 no seu apartado 2.1 “CÁLCULO RATIO DE LAS OPERACIONES PAGADAS” determina que:

“La “Ratio de las operaciones pagadas” en el trimestre, es el indicador del número de días de promedio que se ha tardado en realizar los pagos.

El “Número de días de pago”: La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados hasta la fecha de pago material por parte de la Administración. En los supuestos en que no exista constancia del acto de conformidad, se tomará la fecha de recepción de la factura en registro administrativo o sistema equivalente. (...)

En el caso de certificaciones de obra, el cómputo se inicia desde la fecha de aprobación. (...)”

Como consecuencia das modificacións introducidas polo RD 1040/2017, Sicalwin adaptou no seu día a forma de cálculo da data de inicio do cómputo do Periodo medio de pago das facturas. Ata a data de entrada en vigor do RD 1040/2017, para obter a data de inicio de cómputo sumábanse 30 días á data de rexistro de entrada de facturas. Desde a entrada en vigor deste RD pódese realizar desde a conformidade da factura, e en defecto dese dato, desde o recoñecemento de obrigación.

Tendo en conta a dificultade de obter de forma automática a data de conformidade da factura, a configuración actual do exercicio é a que puxo por defecto Sicalwin, é dicir, a data de inicio de cómputo para o cálculo do PMP é a do recoñecemento da obrigación da factura, e no caso das OPAS (operacións 413) a da contabilización da OPA, segundo ten informado Soporte Contabilidade de Diputación Provincial.

É obvio que o adecuado e adaptado á norma é que a data de conformidade sexa a que se teña en conta para o inicio do cómputo, por iso é polo que desde Soporte contable xestionouse a posta en marcha dunha nova utilidade en Firmadoc para conseguir a conformidade de facturas. Este concello todavía non ten posto en marcha esta nova utilidade, segundo informa Intervención.

TERCEIRO.- O artigo 216.4 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación, siempre que no sea manifiestamente abusivo para el acreedor en el sentido del artículo 9 de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono. “

Tamén o artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la

factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciais entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciais e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a provedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo que considera a data de recoñecemento das ovrigas tendo en conta os datos contidos a día de hoxe no aplicativo contable Sicalwin referidos ó 1º trimestre, e considerando a necesidade de incluír asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón, esto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

En días				
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Trimestral
11-15-054-AA-000	Narón	17,5	11,12	17,47
11-15-054-AV-001	P. Cultura	0,3	0,00	0,33

En días	
Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral	
Narón	16,31

A funcionaria que suscribe informa que é obvio e adecuado á norma que a data de conformidade sexa a que se teña en conta para o inicio do cómputo dende a entrada en vigor do RD 1040/2017, de 22 de decembro, sen embargo esta parametrización contable non está en funcionamento segundo informa a Intervención municipal, polo que o resultado está calculado nos termos da normativa anterior e non cumpre a forma de cálculo establecida no RD 1040/2017.

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.

Asinado dixitalmente por:

A Tesoureira



Marta Roca Naveira
29/04/2019

B/ INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade)
PERIODO: PRIMEIRO TRIMESTRE 2019

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

INFORME

PRIMEIRO.- O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada.

SEGUNDO.- Forman parte do presente todos os pagos comerciais entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto no RDL 3/2011 e Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004.

TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, funcións ambas que son desenroladas pola Intervención municipal, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

1º Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (1º trimestre. Data ref. 31/03/2019)

O período medio do pendente de pago a 31.03.2019 se atopa en 33,58 días

Ó remate deste período, o número total de facturas pendentes de pago é de 1.309 por importe de 2.600.781,86 €, das cales, o 76,17 % están dentro do período legal de pago, porcentaxe que se sitúa no 87,08 % se a análise se realiza sobre os importes.

Clasif. por capítulos	FACTURAS PTES DE PAGO ao final do 1º TRIM. (ata o 31/03/2019)			
	Dentro do período legal de pago		Fóra do período legal de pago	
	Nº operacións e %	Importe total e %	Nº operacións e %	Importe total e %
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	224	1.172.542,58 €	286	124.681,91 €
Investimentos reais (cap. 6)	17	161.993,50	1	21.477,50 €
Otros pagos por oper. comerc.	2	1.349,04 €		- €
Pendientes de aplicar a presuposto	754	928.866,50	25	189.870,83 €
Total	997	2.264.751,62 €	312	336.030,24 €
	76,17%	87,08%	23,83%	12,92%

Das 1309 facturas rexistradas ata 31 de marzo de 2019, importe total 2.600.781,86 euros, a 31 de marzo de 2019 existen:

- 997 obrigas por importe total de 2.264.751,62 euros están pendentes de pago a data 31.03.2019, dentro do prazo legal de pago ao final do trimestre.
- 312 obrigas pendentes de pago por importe total de 336.030,24 euros a data 31.03.2019 incumpren o prazo legal de pago dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable

2º) Pagos realizados no trimestre (Entre 01/01/2019 e 31/03/2019):

Neste trimestre o período medio de pago foi de 49,50 días.

Ó remate deste período, o número total de pagos realizados foi de 1.970, por importe total de 4.114.299,09 €, dos que o 38,93 % foron realizados dentro do período legal de pago, porcentaxe que aumenta ata o 81,74 % se o análise se realiza sobre os importes.

Clasif. por capítulos	PAGOS REALIZADOS no 1º TRIM (Entre 01/01/2019 e 31/03/2019)							
	Dentro do período legal pago				Fora do período legal pago			
	Nº operacións	Importe total		Nº operacións	Importe total			
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	702	2.307.190,98 €		1197	693.826,13 €			
Investimentos reais (cap. 6)	53	965.123,44 €		6	57.494,54 €			
Otros pagos por oper. comerc.	12	90.664,00 €		0	0,00 €			
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0,00 €		0	0,00 €			
Total	767	38,93%	3.362.978,42 €	81,74%	1203	61,07%	751.320,67 €	18,26%

Das 1.970 facturas rexistradas e que foron pagadas no 1º trimestre de 2019, que vai do 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2019, importe total xeral 4.114.299,09 euros, a 31 de marzo de 2019 existen:

- 767 facturas de importe 3.362.978,42 euros aboadas dentro do prazo legal de pago
- 1.203 facturas por importe total de 751.320,67 euros aboadas fóra do prazo legal de pago, dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable.

O período medio de pago legal do 1º trimestre 2019 se atopa en 49,50 días, ten mellorado en 26,16 días respecto ao trimestre anterior (que se situaba en 75,66 días), se sitúa por debaixo do máximo exigido, e polo tanto cumpre o período medio de pago en termos legais.

Hai que sinalar que neste primeliro trimestre de 2019 non existiu tensión de liquidez.

3º) Intereses demora pagados 3º Trimestre. Data ref. 31/03/2019: IMPORTE 0,00 €.

Código De Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo				Intereses de Demora		Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo					
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago		Pagados en el Periodo		Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Pago	Importe Total	Número de Pago	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses		Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15-054-AA-000	Narón	Limitativa	49,50	767	3.362.978,42	1203	751.320,67	0	0,00	33,58	997	2.264.751,62	312	336.030,24

O que se informa ós efectos da súa remisión ó Pleno do Concello de Narón, así como se comunica que se procederá ó seu envío telemático a través da Oficina Virtual para a Coordinación coas Entidades Locales, do portal do Ministerio de Hacienda, ós efectos de dar cumprimento co disposto no artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



Asinado dixitalmente por:
A Tesoureira
Marta Roca Naveira
29/04/2019

C/ INFORME DA INTERVENCION DELEGADA

**ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade)
PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON
PERIODO: PRIMER TRIMESTRE 2019**

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loira contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

INFORME

PRIMEIRO.- O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada; a súa forma de cálculo é distinta da establecida no RD 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas e cuxa emisión é de carácter trimestral.

SEGUNDO.- Forman parte do presente todos os pagos comerciais entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto no RDL 3/2011 e Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004.

TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidade	Pagos realizados en el periodo						Intereses de Demora		Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo			
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Período Legal Pago		Pagos Fuera Período Legal Pago		Número de Pagos			Importe Total Intereses	Período Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Período Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total		Número de Operaciones	Importe Total			Número de Operaciones	Importe Total
11-15-054-AA-000	P. Cultura	Limitativa	3,96	76	302.067,92 €	0	0,00 €	0	0,00 €	6,87	12	7.276,53 €	0	0,00 €

Acompáñase como anexo o detalle da información que foi volcada na OVEL.

O que se informa ós efectos da súa remisión ó Pleno do Concello de Narón, así como se comunica que se procederá ó seu envío telemático a través da Oficina Virtual para a Coordinación coas Entidades Locales, do portal do Ministerio de Hacienda, ós efectos de dar cumprimento co disposto no artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Asinado dixitalmente por:
O interventor delegado do Padroado de Cultura
José Gonzalo Gómez Prego
25/04/2019

D/ INFORME DA INTERVENCION DELEGADA

ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON PERIODO: PRIMER TRIMESTRE 2019
--

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de periodo medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu periodo medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas (en adiante PMP).

O periodo medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co periodo legal de pago establecidos nas Leis de Contratos do Sector Público (vixentes para este periodo) a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Agora ca variación do cómputo do prazo do PMP non pode tomar valores negativos xa que se computa dende o recoñecemento da obriga e antes se computaba dende os 30 días da entrada no rexistro da factura ou data da certificación de obra si fose o caso.

TERCEIRO.- O artigo 216.4 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación, siempre que no sea manifiestamente abusivo para el acreedor en el sentido del artículo 9 de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono. “

Tamén o artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los

costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciais entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluidas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a proveedores. Asemade, quedan excluidas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciais e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a proveedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financieira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo establecida no art. 5 do citado Real Decreto sobre os datos contidos a día de hoxe, no aplicativo contable Sicalwin e referidos ó 4º trimestre, e considerando a necesidade de incluír asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón, esto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas (Días)	Importe Pagos realizados (euros)	Ratio de Operaciones Pendientes (Días)	Importe Pagos Pendientes (Días)	En días Periodo Medio de Pago (Días)
11-15-054-AV-001	P. Cultura	0,33	302.067,92	0	0	0,33

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.

Asinado dixitalmente por:

O interventor delegado do Padroado de Cultura

José Gonzalo Gómez Prego

25/04/2019

E/ COSMA

Pagos realizados en el trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
		Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación					
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible					
Sin disgregar	60,00	179	594.479,84	64	195.724,84
Total	60,00	179	594.479,84	64	195.724,84
Facturas o documentos justificativos pendientes de pago a final del trimestre	Periodo medio del pendiente pago (PMPP) (días)	Pendientes pago al final del trimestre			
		Dentro periodo legal pago al trimestre		Fuera periodo legal pago al final del trimestre	
		Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación					
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible					
Sin disgregar	34,92	99	458.848,85	18	52.080,75
Total	34,92	99	458.848,85	18	52.080,75

O Concello Pleno, deuse por enterado.

4 °.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE TEGA, PSdeG-PSOE, BNG E EU SOBRE O RISCO DE DESAPARICIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE BARALLOBRE..

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: Os Grupos Municipais de Terra Galega, Bloque Nacionalista Galego, PSdeG-PSOE e Grupo mixto-Esquerda Unida, a petición da Cofradía de Pescadores de Barallobre, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presentan a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marisqueo foi de sempre un sustento económico de moitas persoas, que ao longo dos anos foi mellorando en medios e na distribución. Hai só 20 anos que a ría de Ferrol era a mais productiva de toda Galicia. Serviu en grande medida para amortiguar o impacto do desmantelamento do naval e daba sustento a centos de familias. Desde entón a cousa



mudou radicalmente. Hoxe os recursos marisqueiros están en mínimos, apenas hai cada día mais de 20 embarcacións no mar, e o marisqueo a pé pasa por mínimos.

Neste contexto a Confraría de Barallobre, ante a imposibilidade de pagar aos seus empregados, viuse na obriga de despedir a 5 dos 7 que ten, a saber, os dous vixiantes, unha auxiliar administrativa, a encargada da limpeza da depuradora e o biólogo, e aínda así non ten asegurada a súa supervivencia como entidade.

A pesar de ser a ría de Ferrol a de maior contaminación microbiolóxica de toda Galiza, foi a última (2017) en ter senllas EDAR (norte e sur), mais aínda hai zonas C (Caranza, A Malata, e agora tamén de novo a zona entre Montón e Astano e A Gándara). Dende o ano 2.008, en que comezan as restriccións á extracción marisqueira por zonas C, permanecen abertos ininterrumpidamente os bancos de libre marisqueo a flote (hoxe están totalmente esquilados), medida non admitida en ningún banco marisqueiro en Galicia. Para o banco das Pías ocorre o mesmo, apenas 2 meses de descanso ao ano, cando o normal son 6. O servizo de inspección pesqueira da Consellería do Mar ten asignado á ría de Ferrol unha soa persoa.

A combinación de destrución dos bancos marisqueiros por contaminación, mais a explotación irracional dos mesmos, permitindo uns plans de explotación que non son admitidos en ningún outro sitio de Galicia, e a inexistencia dun servizo de inspección pesqueira suficiente para o control dos recursos leva á situación actual.

Coñecendo todo isto e con intención de eliminar a Confraría, en decembro de 2018 comunican desde a Consellería que non se renova o proxecto polo cal se paga á asistencia técnica e vixiantes tendo que aportar de recursos propios 9 meses de salarios polo retardo na resolución da axuda e posterior rexeitamento da mesma, a desculpa é unha multa, a realidade é a asfixia económica programada.

Pérdense postos de traballo, pérdese capacidade de control e planificación dos bancos marisqueiros, pérdese capacidade de loita contra o furtivismo e está en risco a supervivencia da segunda empresa mais grande de Fene con mais de 100 anos de historia e mais de 130 socios e socias.

O obxectivo da Consellería do Mar, tal como está recollido no proxecto de lei de acuicultura, parado pola presión do sector, é o da privatización da xestión dos recursos. Entregar os recursos marisqueiros a empresas privadas.

Polo exposto propónse ao Pleno a adoción dos seguintes acordos

- 1.- Instar á Consellería do mar da Xunta de Galiza a elaborar un Plan de rexeneración real en coordinación coas demais administracións estatais, autonómicas e locais e as Confrarías, para a ría de Ferrol que contemple medidas, prazos, obxectivos e recursos económicos para desenvolvelo no prazo mais breve posible.
- 2.- Reclamar á Xunta de Galiza un Plan ambiental que garanta a calidade das augas e os fondos mariños da ría.
- 3.- Instar á Consellería do mar a que dote á ría de Ferrol de persoal suficiente de inspección pesqueira, que xunto coas asistencias técnicas e vixilancias das tres Confrarías permita evitar a extracción e comercialización ilegal de marisco desta ría.
- 4.- Solicitar unha reunión das alcaldías municipais da Ría coa Conselleira do Mar para demandar unha solución á situación da Confraría de Barallobre, que garanta o seu futuro e viabilidade.

Narón, 25 de abril de 2019.

Guillermo Sánchez Fojo Fernández (32616486-W) Voceiro de TEGA mixto-EU	Teresa Sabio Rodríguez (32619263-L) Voceira do BNG	Catalina M ^a García Blanco (32653535-K) Voceira do PSdeG-PSOE	André Abeledo (32674033-A) Voceiro do Grupo
--	--	--	---

E visto o ditame favorable, por maioría, coa abstención do PP e o resto dos votos a favor (TEGA, PSdeG-PSOE, BNG E GRUPO MIXTO –EU-) da Xunta de Portavoces de data 27-05-2019, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

5º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES

A/ MOCIÓN DO GRUPO MIXTO MUNICIPAL -EU- SOBRE POLITICA DE VIVENDA NO CONCELLO DE NARÓN. - 10 anos despois do comezo da crise o problema de acceso á vivenda segue en Galiza.

O dereito recollido na Constitución a desfrutar dunha vivenda digna segue a estar tan lonxe coma nos peores anos da crise, cando miles de persoas eran expulsadas das súas casas por execucións hipotecarias.

Baixan os lanzamentos por execucións hipotecarias pero suben os derivados de impagos de alugueres.

Os desafiuzamentos e a exclusión do dereito ao acceso á vivenda de miles de persoas é algo estrutural e non coiuntural como nos pretenderon vender os gobernos durante estes anos.



É consecuencia de dous vectores. Un o modelo laboral do desemprego, da precariedade, da inestabilidade laboral, dos salarios de miseria, que da lugar ás “pobrezas” sectoriais, denominación que buscan maquillar unha pobreza real, que son a pobreza, enerxética, alimentaria, ou a da exclusión do dereito á vivenda.

Outro vector é a política de vivenda, que no fundamental nada ten mudado nestes anos nos que supostamente os gobernos se preocuparon de atallar o drama da xente sen casa e das casas sen xente. Nada máis lonxe da realidade.

A vivenda segue a ser concibido como un ben de inversión, e non como un dereito.

O Estado español rescatou con miles de millóns, xa renunciou a recuperar 40.000 millóns dese rescate, aos bancos e mercoulles os “activos tóxicos” para sanear os seus balances, atopándose cunha boa oportunidade, nun momento en que miles de persoas estaban a quedar literalmente na rúa, de facer coas vivendas propiedade da SAREB un parque público de aluguer a prezos sociais, e non se fixo.

Narón é unha cidade que sufriu tamén as consecuencias do modelo da burbulla inmobiliaria e do seu estoupido.

Os desafiuzamentos ou os problemas da xente para poder pagar a vivenda conviviron con promocións baleiras propiedade de grandes posuidores.

Nin unha medida de cambio de modelo a pesar da dramática experiencia destes anos. Só medidas de maquillaxe como reacción a un posible desgaste electoral, e pouco máis.

Ao contrario, a Lei de Arrendamentos Urbanos rebaixou o período mínimo de aluguer de 5 a 3 anos, restando estabilidade aos inquilinos, sen introducir nin unha soa liña para a regulación dos prezos, duración de 5 anos recentemente restaurada vía RDL, medida positiva pero insuficiente para dar estabilidade ao arrendatario.

O Partido Popular e o PSOE incluso negáronse durante 15 anos a cumprir cun mandato legislativo, para desenvolver regulamentariamente o concepto de vivenda baleira, paso indispensable para que os Concellos que así o desexen poidan aplicar recárgos a esas vivendas que non se poñen a disposición da xente, en cumprimento do aprobado na Lei 2/2004 Reguladora de Facendas Locais.

Para as entidades financeiras ter un piso baleiro segue a ser tan barato coma antes da crise.

Un dos elementos reguladores do mercado e indispensables para unha política que defenda por ría de todo o dereito á vivenda é a creación dun Parque público de vivenda de aluguer cunha dimensión axeitada.

Na maioría dos países europeos supera o 10 % do parque de vivendas, en Galiza e no Estado español non chega nin ao 1%.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo conta na actualidade cunhas 3500 vivendas sobre un total de 1.600.000 vivendas que hai en Galiza, sendo a todas luces insuficiente, aínda máis si temos en conta que unha mala xestión nos procesos de adxudicación fai que haxa vivendas baleiras.

A pesar de anunciar con moita espectacularidade medidas que conducirían a liberar vivenda baleira para poñelas a disposición da xente, a Xunta de Galicia nos últimos 9 anos non incrementou ese parque, e non foi por falla de oportunidades, nun contexto onde se podía facer por varias vías; incorporación das vivendas da SAREB, de vivendas baleiras que se adquirisen, construción de vivenda nova, etc.

E con esta situación chega a chamada recuperación, que ven a consolidar o modelo da desigualdade, da perda de dereitos laborais, da precariedade e da miseria salarial. Hai aproximadamente 300.000 traballadores e traballadoras que perciben menos do salario mínimo interprofesional.

Moitos deles mozos, que encadean traballos precarios e temporais.

A maioría das mozas e mozos, a diferenza de hai 10 anos, non poden acceder a unha hipoteca, e optan maioritariamente polo aluguer.

En 2008 o 41% dos mozos que desfrutaban dunha vivenda o facían baixo a fórmula de aluguer. No 2016 xa o fai o 71%.

Isto non tería porque ser malo si houbo un mercado de aluguer público e privado que dotase de estabilidade e seguridade a estes mozos, cousa que non existe.

Aumenta a demanda de aluguer, sobre todo nas áreas urbanas, e como non hai ningunha medida que regule prezos, e hai medidas que favorecen a expulsión dos arrendatarios, suben os prezos, como o fixeron en 2017 e 2018 onde medraron nalgúns cidades de Galiza por riba do 10%.

Incluso, neste contexto, as axudas ao aluguer contribúen a esta subida, ao carecer de elementos que limiten os prezos do mercado libre.

Os desafiuzamentos por impago de alugueres sube, si non se quere remediar, seguirá subindo.

En Narón tampouco se artellou unha política de vivenda que atendese as necesidades de toda a sociedade desatendendo unha das cuestións prioritarias para clase traballadora.

Reivindicamos o papel central que deben de xogar os concellos, a administración máis cercana, na política de vivenda, a través da creación dun parque público municipal de vivenda en alugueiro social, da implantación dunha política fiscal que desincentive a especulación e incentive a función social da vivenda.

Dita política fiscal deberá de contar cos novos instrumentos que permite o RDL sobre medidas urxentes en materia de vivenda recentemente aprobado polo Estado, como é por exemplo o recargo no Imposto de Bens Inmóbeis á vivenda baleira dos grandes posuídores.



